

Recordatorio de deberes legais á consellería de Sanidade de que a administración debe contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación

Expediente: A.4.Q/ 11287/22

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023

Sr. Conselleiro:

Ante esta institución, presentase unha queixa por parte de don XXX, funcionario do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos

Presentouse á convocatoria pública convocada pola Orde do 27 de xullo de 2022 para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de subdirección xeral. O 4 de outubro publicouse a resolución na que se designa a outra persoa para o posto. O día 5 de outubro, de acordo co disposto na Lei 39/2015 solicitou á Secretaría Xeral Técnica desa Consellería que se lle facilitase copia dos documentos que figuran no expediente en cuestión. Transcorrido o prazo co que conta a Administración aínda non se lle facilitaron

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu co seguinte contido:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para a cobertura en comisión de servizos do posto Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios(CP:XXX) procedeuse desde esta Secretaría Xeral Técnica ao exame das solicitudes e os curriculum vitae presentados polos/as candidatos/as. (..)

Todos cumpren o requisito de pertenza ao subgrupo A1 de clasificación esixido na convocatoria

(..) pese a súa dilatada carreira profesional, ningún dos candidatos, a excepción de XXX, acredita experiencia no eido da inspección de servizos sanitarios, desenvolvendo con rigor e profesionalidade o posto de XXX dende o 28/06/2019 e XXX dende o

22/11/2019 ata a actualidade.

(..) Polo tanto propúxose a dita persoa para a comisión de servizos.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa da non resposta, ao señor XXX do escrito solicitando información da tramitación e estado dunha praza convocada en Comisión de Servizos, pola Consellería de Sanidade.

A comisión de servizos é unha forma de prover un posto de traballo que quedou vacante (*art. 64 do Real Decreto 364/1995*). É unha figura que pode ser utilizada en casos de urxente e inaprazable necesidade por parte de persoal funcionario (estritamente) que reúna os requisitos que se establezan para o desempeño do posto en concreto. Así mesmo, o *artigo 81.3 do EBEP* di que "en caso de urxente e inaprazable necesidade os postos de traballo poderán proverse con carácter provisional debendo procederse á súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación". Pola súa banda, os artigos 14.2, 96, 100 e 101 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* regulan as comisións de servizos na administración pública galega.

Non é da competencia desta institución pronunciarse sobre os méritos do interesado nin doutras persoas candidatas a dito posto e dedúcese que seguíronse os procedementos de solicitude de informe e valoración dos méritos e a experiencia das distintas candidaturas, non obxetivándose, neste sentido, actuación administrativa incorrecta.

SEGUNDA. A comisión de servizos é un procedemento excepcional de provisión de postos de traballo e marcadamente discrecional; porén, iso non elimina a obriga que ten a administración de motivar a súa decisión, tal e como precisa os *artigos 35.1.i e 35.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*. Como xa se apuntou en ocasións anteriores, hai abundante xurisprudencia, tanto dos tribunais autonómicos como do Alto tribunal, indicando os principios que deben rexer as convocatorias das comisións de servizos, especialmente no que atinxe a: *xustificación da convocatoria, publicidade, criterios de selección e publicación razoada do resultado de dita selección*.

O artigo 53 da mesma norma regula os “*Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo*”, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...)* *f) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.* En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas. Esta obriga é especialmente relevante tratándose da solicitude dunha persoa interesada nun procedemento.

O interesado presentou solicitude de información respecto deste expediente. Porén, non consta que fora respondida.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería o seguinte ***recordatorio de deberes legais:***

A administración debe contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de



Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo